 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</p> <p>INFORMACIÓN PÚBLICA</p> <p>Grado en Educación Primaria</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	---	---

COMPETENCIAS / OBXECTIVOS

Obxectivos do título Grao en Educación Primaria:

- Asegurar unha formación pedagóxica, lingüística, sociolóxica, científica, tecnolóxica, artística e axiolóxica do futuro profesorado de Educación Primaria coherente cos principios de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade; igualdade efectiva de mulleres e homes; de fomento da educación e da cultura da paz, de modo que poidan desempeñar con eficiencia, eficacia e calidade a súa función docente, tutorial e xestora, para :


- Atender á diversidade do alumnado,
- Previr as dificultades de aprendizaxe,
- Pór en práctica mecanismos de reforzo,
- Traballar a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, a educación en valores e fomentar o hábito da lectura (art 19 LOE), contribuíndo desta a ao desenvolvemento integral do alumnado desta etapa e procurando a súa adecuada formación como cidadáns responsables, participativos, libres, democráticos e solidarios.

Segundo o REAL DECRETO 1513/2006, de 7 de decembro (BOE 8 de decembro de 2006) polo que se establecen os ensinos mínimos "a finalidade da Educación primaria é proporcionar a todos os nenos e nenas unha educación que permita afianzar o seu desenvolvemento persoal e o seu propio benestar, adquirir as habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral, á lectura, á escritura e ao cálculo, así como desenvolver habilidades sociais, hábitos de traballo e estudo, o sentido artístico, a creatividade e a afectividade".

Competencias xerais que deben adquirir aos/os estudantes durante os seus estudos, necesarias para outorgar o título:

Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos.

- Diseñar, planificar e avaliar procesos de ensino e aprendizaxe, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.

 <p>UNIVERSIDADE DE VIGO</p>	<p>SEGUIMIENTO OFICIAL DE TÍTULOS</p> <p>INFORMACIÓN PÚBLICA</p> <p>Grado en Educación Primaria</p>	<p>FACULTADE DE CIENCIAS DE LA EDUCACIÓN</p> <p>OURENSE</p>
---	---	---

- Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o aprendizaxe, informais e colaborar no seu tratamento. Coñecer as propostas e desenvolvementos actuais baseados na aprendizaxe de competencias. Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e distintos ritmos de aprendizaxe.

- Analizar e comprender os procesos educativos no aula e fóra dela relativos ao período 6-12. Coñecer os fundamentos da educación primaria. Analizar a práctica docente e as condicións institucionais que a enmarcan. Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país e os condicionantes políticos e legislativos da actividade educativa. Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula. Abordar e resolver problemas de disciplina.

Promover o traballo cooperativo e o traballo e esforzo individuais.

Promover accións de educación en valores orientadas á preparación dunha cidadanía activa e democrática. Coñecer e abordar situacións escolares en contextos multiculturais. Diseñar, planificar e avaliar a actividade docente e a aprendizaxe no aula.

Coñecer e aplicar experiencias innovadoras en educación primaria.. Participar na definición do proxecto educativo e na actividade xeral do centro atendendo a criterios de xestión de calidade. Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación educativa e ser capaz de deseñar proxectos de innovación identificando indicadores de avaliación.

- Mostrar habilidades sociais para entender ás familias e facerse entender por elas. Coñecer e saber exercer as funcións de titor e orientador en relación coa educación familiar no período 6-12. Relacionar a educación co medio, e cooperar coas familias e a comunidade. Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e intergeneracionais; multiculturalidad e interculturalidad; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sostible.

Coñecer a evolución histórica da familia, os diferentes tipos de familias, de estilos de vida e educación no contexto familiar.

Procedemento documentado para a definición, revisión e mellora dos obxectivos do plan de estudos

A información pública sobre este procedemento atópase no epígrafe de calidade da web da Facultade de Ciencias da Educación de Ourense, dentro dos procedementos clave (PC02), ou a través do vínculo directo: <http://webs.uvigo.es/educacion-ou/web/files/PC02-procedemento-para-a-revision-e-mellora-das-titulacions.pdf> .